

Obxectivo

Sensibilizar ao alumnado acerca da situación laboral da muller no municipio de Bueu. A temática dos traballos terá que representar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no traballo. Non se admitirán debuxos con contido sexista, racista, violento ou que incidan na intolerancia, en calquera dos seus aspectos.

Participación

1. Poderán participar no concurso tod@s @s alumn@s do último ciclo de Primaria, Secundaria e Bacharelato do Concello de Bueu.
2. Cada participante poderá presentar un máximo de 3 traballos.
3. As obras presentaranse en cartolina e poderán ser a cor ou en branco e negro.
4. O formato das ilustracións presentadas pode ser vertical ou apaisado. Tamaño mínimo: 8 x 10 cm. Tamaño máximo: 15 x 21 cm. Os textos serán íntegramente en galego. Na parte inferior levará o lema "A igualdade no Traballo".
5. Os autores non poderán presentar obras que estén en Internet ou foran premiadas noutros concursos e publicadas en calquera medio gráfico, quedando eximido o CIM, de calquera conflito derivado da publicación ou utilización indebida dos traballos presentados.

Presentación

6. As obras entregaranse no Centro de Información ás Mulleres, de Luns a Venres en horario de 8:00 a 14:30 horas:

CIM-Bueu, Pazos Fontenla, 29, 2º andar

7. Os traballos presentaránse en sobre pechado. No reverso da ilustración deberán figurar os datos do alumn@ (nome, apelidos, curso, centro) e o título da obra ou obras presentadas.
8. O prazo de presentación de orixinais abrirase o 1 de febreiro e rematará o 29 de febreiro .

Premios

1º Premio de Primaria: Tableta

1º Premio: 1º-3º ESO: Tableta

1º Premio 4º ESO e Bacharelato: Tableta

A obra gañadora deste certame será utilizada como deseño da X Campaña de educación non sexista, na que se imprimirán calendarios para o ano 2016.

Xurado

O xurado estará formado por tres persoas cualificadas para exercer esta función: a directora e mais a psicóloga do CIM e un/ha profesional entendido/a no tema.

O xurado poderá declarar desertos ou compartidos algún ou todos os premios, así como poderá outorgar mencións especiais se o considera oportuno. Tamén estará facultado para interpretar as bases libremente.

O ditame do xurado será inapelable , farase público antes do día 8 de marzo e será comunicado aos gañadores unha vez producido este.

Os premios entregaranse nun acto público o 8 de marzo de 2016.

Condicións

As ilustracións premiadas quedarán en propiedade do CIM que se reserva todos os dereitos para a utilización, reprodución e difusión das mesmas. As non premiadas, serán devoltas ós seus [autor@s](#) .

Observacións

A participación neste Concurso supón a total aceptación das súas bases e da decisión do xurado.

X CONCURSO DE VIÑETA E ILUSTRACIÓN “A IGUALDADE NO TRABALLO”

Organiza



Concello de Bueu
Concellaría de Igualdade.



Centro de Información ás Mulleres
De Bueu.

Co gallo da Conmemoración, do día 8 de marzo de 2016, *Día Internacional da Muller*, o Centro de Información ás Mulleres do concello de Bueu, convoca entre o alumnado do derradeiro ciclo de Educación Primaria, ESO e Bacharelato, un concurso de viñeta e ilustración baixo a temática “A igualdade no Traballo”.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
“O FSE inviste no teu futuro”

Información:

Centro de información ás Mulleres.

Pazos Fontenla, 29, 2º andar

Teléfono: 986324395/ Fax: 986324339

Colaboran :

**Centros Educativos de
Bueu**

X CONCURSO DE VIÑETA E ILUSTRACIÓN “A IGUALDADE NO TRABALLO”.



**Organizado pola Concellaría de
Fomento da Igualdade**

